



CULTURA

## Morris: “Sería un suicidio teatro en castelán no CDG”

IAGO MARTÍNEZ  
15/06/2010 - 00:45 h.

O veterano profesional da escena propón crear unha fronte ampla para frear os recortes no eido da cultura

“A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) non é presidencialista”, apúrase a matizar Morris ao outro lado do teléfono. “As decisións tómanse por consenso e o traballo está repartido en vogalías. O meu papel é meramente testemuñal”. Con todo, non lle ha faltar traballo a Antonio Durán *Morris* que vén de iniciar este domingo, cando foi elixido para compartir con outros dez compañeiros a nova executiva da entidade. Sucede na presidencia a Vicente Montoto, de quen herda un feixe de fronteas abertas. A máis grave, a económica: “As medidas anticrise van xerar máis paro, tamén na cultura. Se hai algunha solución, pasa por estarmos unidos”.

Xosé Luíz López *Sacha*, como secretario, e Casilda Alfaro, que será vicepresidenta se a asemblea da AAAG aproba a modificación dos seus estatutos, acompañan a Morris na primeira liña da nova executiva. Complétana Mónica García, José Leis, Vicente de Souza, Josi Lage, Estibaliz Veiga, César Cambeiro, Rubén Prieto e Fernando Morán. Por diante, varias tarefas. As máis inmediatas, rematar a nova web do colectivo, difundir e defender o convenio colectivo do teatro, promocionar o catálogo de profesionais e auspiciar unha fronte común para facerlles fronte aos recortes da Xunta. “Temos que estar todos, dende os escritores e os actores até institucións como a Real Academia ou o Consello da Cultura”.

Dun Diario Oficial de Galicia a outro, a Axencia Galega das Industrias Culturais reduciu de 2,3 a 2,1 millóns de euros as axudas ao sector para este ano. A “corrección”, como lle chamou a Xunta, parece que xa non ten volta atrás. “Daquela, terá que haber polo menos unha rectificación nas actitudes”, arrisca Morris. “A medida foi agresiva e mal intencionada. Na reunión á que non se nos convocou nin sequera estaba o conselleiro de Cultura”.

A defensa da lingua é outro dos tradicionais campos de batalla na asociación, que onte lle comunicou oficialmente á plataforma Queremos Galego o seu desexo de subir ao barco. “O que máis nos preocupa é que non baixe o nivel de produción do teatro público nin se perdan postos de traballo”, explica Morris, “pero tamén estamos en contra do decreto. E por suposto, de que o Centro Dramático Galego (CDG) faga teatro en castelán. Creo sinceramente que é un fantasma que ninguén quere axitar. Sería un suicidio”.

[URL] <http://www.xornal.com/artigo/2010/06/15/cultura/morris-seria-suicidio-cdg-fixese-teatro-castelan/2010061500452600659.html>

© XORNAL.COM, Fundado en 1999 como "EL PRIMER DIARIO ELECTRÓNICO DE GALICIA"

R/ Galileo Galilei, 4B (Polígono A Grela).

Redacción: [redaccion@xornaldeg Galicia.com](mailto:redaccion@xornaldeg Galicia.com), Publicidad: [publicidade@xornaldeg Galicia.com](mailto:publicidade@xornaldeg Galicia.com)